

Acordo de 16 de decembro, de Consello de Goberno, polo que se aproba a normativa que regula a concesión de licenzas sabáticas

PREÁMBULO	1
Artigo 1. Obxecto	1
Artigo 2. Período	1
Artigo 3. Características.....	1
Artigo 4. Requisitos das persoas solicitantes.....	2
Artigo 5. Requisitos das licenzas	2
Artigo 6. Procedemento de solicitude	2
Artigo 7. Valoración e concesión.....	3
Artigo 8. Obrigas	3
Artigo 9. Incumprimentos	3
Disposición derogatoria única. Derogación normativa	3
Disposición final segunda. Entrada en vigor	4

PREÁMBULO

Os Estatutos da Universidade da Coruña recollen no seu artigo 50.4 a posibilidade de solicitude de anos sabáticos para o profesorado funcionario ou permanente laboral con dedicación a tempo completo.

Artigo 1. Obxecto

A concesión de licenzas sabáticas ten como obxectivo mellorar a calidade da docencia e incrementar o potencial investigador da Universidade da Coruña (UDC).

Artigo 2. Período

O período da licenza poderá ser anual ou quinquemestral. As licenzas anuais coincidirán co curso académico ou, excepcionalmente, co ano natural. As licenzas quinquemestrais serán nos períodos de setembro a xaneiro ou de febreiro a xuño.

Artigo 3. Características

1. Durante o goce do período sabático terase dereito a percibir as retribucións integras.

2. O profesorado que goce dunha licenza sabática conservará todos os dereitos administrativos derivados da súa situación de servizo activo, agás o desempeño de responsabilidades nos órganos de goberno unipersoais que, a estes efectos, son os recollidos no artigo 88.3 dos Estatutos da UDC.

Artigo 4. Requisitos das persoas solicitantes

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) ser profesorado doutor permanente con dedicación a tempo completo,
- b) ter un mínimo ininterrompido de seis anos de servizo como profesorado permanente na UDC con dedicación a tempo completo,
- c) non ter gozado dun total de 12 meses de permiso por docencia ou investigación nos últimos cinco anos,
- d) non ter gozado de ningunha licenza sabática nos últimos seis anos.

Artigo 5. Requisitos das licenzas

Será condición para a concesión da licenza a realización dunha estadía nun centro de ensino superior ou de investigación radicado fóra de Galicia por un período mínimo de un mes.

Con carácter xeral, non poderá concederse máis de unha licenza sabática anual ou dúas quinquemestrais por área de coñecemento e curso académico.

Artigo 6. Procedemento de solicitude

1. Prazo. As solicitudes de licenzas por ano sabático que coincidan co curso académico ou co período quinquemestral setembro-xaneiro presentaranse entre os días 1 e 30 de marzo do ano en que se desexe iniciar a licenza a través da sede electrónica da UDC e dirixidas á vicerreitoría con competencias en materia de profesorado. Nos casos en que a licenza solicitada coincida co ano natural ou co período quinquemestral febreiro-xuño, a solicitude presentárase entre os días 1 e 31 de xullo do ano anterior.

2. Documentación. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) *Curriculum vitae* no modelo de *curriculum vitae* abreviado (CVA) da Fundación Española para Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT).
- b) Memoria das actividades que se realizarán durante o período da licenza, que incluíra a declaración expresa de non dedicarse a ningunha outra actividade diferente a aquelas para as que se solicita.
- c) Aceptación do centro de ensino superior ou de investigación en que se realizará a estadía.
- d) Informe favorábel do consello de departamento. O informe deberá incluír o visto bo ás actividades propostas e as medidas concretas arbitradas para cubrir a actividade docente que tería asignada cada persoa solicitante, que non poderán implicar novas contratacións.

Artigo 7. Valoración e concesión

1. As solicitudes serán informadas pola Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado antes de ser elevadas ao citado órgano. Para emitir o seu informe, que poderá ser favorábel ou desfavorábel, a Comisión terá en conta o interese científico e académico das actividades propostas e o centro onde se realizará a estadia.

No caso de existir máis dunha solicitude por área de coñecemento e ser necesario establecer unha prelación, os criterios para facelo serán, na seguinte orde:

- 1.º Non ter gozado de ningunha licenza sabática con anterioridade.
- 2.º Ter desempeñado un cargo académico unipersoal durante un maior período temporal.
- 3.º Antigüidade como persoal docente na UDC.

2. O Consello de Goberno será o responsábel de decidir sobre a concesión das licenzas antes da finalización do mes de xuño, para as licenzas por curso académico ou para o seu primeiro quinquemestre, e de outubro, para as que o sexan por ano natural ou polo segundo quinquemestre do curso académico.

3. No caso do profesorado que desempeñe unha praza vinculada con función asistencial no Servizo Galego de Saúde, consonte ao Convenio UDC-Servizo Galego de Saúde, o acordo do Consello de Goberno trasladarase á Comisión Mixta UDC-Servizo Galego de Saúde para que esta adopte a decisión que corresponda.

Artigo 8. Obrigas

Rematado o período da licenza, nos dous meses seguintes, a persoa beneficiaria deberá realizar unha memoria sobre as actividades desenvolvidas nese tempo que será informada polo consello do seu departamento de adscrición e remitida para a súa aprobación pola Comisión Académica Delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado.

Artigo 9. Incumprimentos

O incumprimento por parte das persoas perceptoras das licenzas das obrigas previstas nesta normativa, ademais de comportar unha valoración negativa para os efectos do recoñecemento do complemento por méritos docentes, suporá, ata que se emende dito incumprimento, a inhabilitación para a percepción dunha nova licenza, todo isto sen prexuízo doutro tipo de medidas que puidesen adoptarse no caso de que o incumprimento puidese constituír unha falta disciplinaria.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Derrógase calquera norma anterior relativa ao aproveitamento de anos sabáticos polo profesorado da UDC.



Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de profesorado para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad